

## NOTA SOBRE A “REVISIÓN ESTADÍSTICA 2024” NAS OPERACIÓNS DO SISTEMA DE CONTAS ECONÓMICAS DE GALICIA

O Instituto Galego de Estatística (IGE) publica en novembro de 2024 as primeiras operacións estatísticas na “Revisión Estatística 2024”. Este documento aclara as súas motivacións e efectos nas principais cifras macroeconómicas de Galicia.

A “Revisión Estatística 2024” (RE24) é unha *revisión extraordinaria regular* das contas económicas realizada por criterios estatísticos: incorporación de novas fontes de información e mellora nos procedementos internos de estimación. Non se introducen cambios metodolóxicos (o Sistema Europeo de Contas 2010 segue vixente) nin nas clasificacións estándar (as ramas de actividade seguen a definirse consonte á Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009).

A denominación de “revisión extraordinaria regular” provén dos termos “benchmark revision” ou “major regular revision” acuñados pola oficina estatística da Comisión Europea (Eurostat)<sup>1</sup>. A RE24 na Unión Europea é unha revisión estatística coordinada, coa que Eurostat procura harmonizar os cambios de base contable nas contabilidades nacionais dos Estados Membros, realizada simultaneamente coas estatísticas financeiras e de balanza de pagos que realiza o Banco Central Europeo. Seguindo a política de revisións establecida por Eurostat a implementación debe realizarse nos anos rematados en “4” e en “9”, isto é, en 2024 debe realizarse un cambio de base harmonizado<sup>2</sup>.

As estatísticas de síntese deben recoller as melloras das fontes de datos así como as melloras nos procedementos de estimación dun xeito sistemático e coherente. Para recoller estes cambios sen afectar á homoxeneidade e á comparabilidade temporal dos datos deben introducirse nun momento de tempo determinado e revisar as series estatísticas. Esta é a motivación das revisións estatísticas.

A posta en marcha da RE24 nas operacións estatísticas do sistema de contas económicas de Galicia comeza coa difusión do Marco Input-Output de Galicia 2021 e as Contas económicas anuais e trimestrais. Preséntanse series contables homoxéneas do período 1995-2023 que substitúen ás da anterior base contable

---

<sup>1</sup> Véxase EUROSTAT (2019): “*Practical guidelines for revising ESA 2010 data*”. 2019 edition. No capítulo 4 e 5 define os tipos de revisión dos datos. Pode consultarse en <https://ec.europa.eu/eurostat/documents/3859598/9530664/KS-GQ-18-012-EN-N.pdf>

<sup>2</sup> Véxase <https://ec.europa.eu/eurostat/web/esa-2010/data-revision>

(Revisión estatística 2019) vixentes ata o momento. Coa implementación desta Revisión, Galicia cumpre coas recomendacións de Eurostat e garante a comparabilidade dos seus datos cos das economías da súa contorna.

Os índices de volume encadeados que se presentan na RE24 teñen como referencia o ano 2020, seguindo os criterios adoptados por Eurostat e o Instituto Nacional de Estadística (INE).

Progresivamente difundiranse as restantes operacións do sistema de contas económicas do IGE: Matriz de Contabilidade Social, Contas do sector fogares, Renda dos fogares municipal e Produto interior bruto municipal, segundo a seguinte previsión de calendario:

<b>Operación estatística<sup>3</sup></b>	<b>Primeira data de publicación baixo a RE24</b>
3903-01-OE06 Marco Input Output	29 de novembro de 2024
3902-02-OE06 Contas económicas trimestrais	29 de novembro de 2024
3902-01-OE06 Contas económicas anuais	29 de novembro de 2024
3904-01-OE06 Matriz de contabilidade social	13 de decembro de 2024
3902-05-OE06 Contas do sector fogares	Febreiro de 2025
3902-04-OE06 Renda municipal do sector fogares	Febreiro de 2025
3902-03-OE06 Produto interior bruto municipal	Decembro de 2025

## PRINCIPAIS CAMBIOS ESTADÍSTICOS

Na elaboración das contas económicas e o marco input-output intégrase gran volume de información procedente de fontes de orixe e natureza diversa. Esta sintetízase usando unha metodoloxía internacional, que axuda a transformar a información de base en estatísticas macroeconómicas de síntese. As distintas fases deste proceso están moi vinculadas: as estimacións vía oferta, demanda e rendas condiciónanse entre si. As melloras neste proceso, xunto coas novas fontes de información e a adaptación destas á metodoloxía vixente, son as responsables dos cambios estatísticos introducidos pola "Revisión Estatística 2024".

Establecemos dous grupos de modificacións da información:

<sup>3</sup> Códigos das operacións estatísticas no Inventario de operación e actividades estatísticas na Comunidade autónoma de Galicia. Ver en: [http://www.ige.eu/web/inventario\\_index.jsp?paxina=004005&idioma=gl](http://www.ige.eu/web/inventario_index.jsp?paxina=004005&idioma=gl)

1. **Integración de nova información estatística dispoñible.** As máis relevantes son:

- Incorporación da información derivada dos *"Censos de Población y Viviendas 2021"*. Aos efectos das Contas económicas anuais este cambio afecta de forma indirecta, a través da actualización dos resultados das enquisas: *"Encuesta de Poboación Activa"* (EPA) e *"Encuesta de Presupuestos Familiares"* (EPF).
- *"Estadística estructural de empresas"* do Instituto Nacional de Estadística. Desde a edición de 2021 esta fonte incorpora ao seu ámbito de estudo as seccións P *"Educación"* e Q *"Actividades sanitarias e de servizos sociais"*.
- A *"Enquisa do Marco Input-Output de Galicia 2021"*: deseñada para obter información detallada dos consumos intermedios das ramas de actividade industrial e de determinadas ramas do sector servizos. Tamén se converteu na principal fonte para a estimación de exportacións ao resto de España<sup>4</sup> nos sectores enquisados.
- Información tributaria: grazas ao acordo coa *"Agencia Estatal de Administración Tributaria"* (AEAT) o IGE recibe explotacións estatísticas de varios modelos tributarios, información de interese estatístico tanto para a realización das estimacións das magnitudes económicas como para o contraste de resultados intermedios. A principal novidade na RE24 é a nova explotación estatística do *"Subministro Inmediato de Información"* e do Modelo 347 *"Declaración informativa. Declaración anual de operacións con terceiras persoas"*.

O IGE tamén recolle na revisión estatística os cambios nas estatísticas de síntese nacional, en particular os cambios na Contabilidade Nacional de España do INE, que difundiu no mes de setembro<sup>5</sup> de 2024. As estimacións do IGE seguen, por norma xeral, un criterio ascendente, é dicir, obtéñense por agregación da actividade económica das unidades institucionais que operan na nosa economía (empresas, fogares, administracións públicas, etc.). Porén, en determinadas actividades nas que a información autonómica é feble, recorreremos ás estimacións da contabilidade nacional do INE para rexionalizar (é dicir, aplicamos un criterio descendente).

---

<sup>4</sup> A *"Estadística estructural de empresas"* do INE xa non achega información das vendas noutras Comunidades autónomas das empresas enquisadas. Esta variable era relevante para a estimación das exportacións ao Resto de España tanto no Marco Input-Output como nas Contas económicas anuais.

<sup>5</sup> Ver nota de prensa en: [https://ine.es/prensa/nota\\_RE\\_2024\\_CN\\_09.pdf](https://ine.es/prensa/nota_RE_2024_CN_09.pdf)

Aquelas ramas nas que o IGE utiliza un criterio descendente están afectadas polos cambios introducidos polo INE.

A RE24 realizouse de forma coordinada a nivel estatal: o Banco de España revisou as contas financeiras e as estatísticas de balanza de pagamentos; a Intervención General de la Administración del Estado (IGAE) as estatísticas das contas das administracións públicas. O IGE utiliza información deste último organismo para a estimación da actividade da Administración Central en Galicia e para determinados impostos e subvencións. Os cambios realizados nas estimacións deste organismo están recollidos na Revisión Estatística 2024 do IGE.

## 2. **Mellora no proceso de elaboración das táboas que forman o Marco Input-Output de Galicia.**

En cada revisión extraordinaria (antes cambio de base) o IGE elabora as táboas de orixe e destino e a matriz simétrica. Esta operación é fundamental xa que introduce unha dobre validación nos datos económicos: por ramas e por produtos. No caso da RE24 melloráronse varios procesos internos, dentro dos que cómpre destacar:

- Desagregación das ramas de actividade incluídas na sección “Actividades artísticas, recreativas e de entretemento”: Difúndese a rama “R90\_92 Actividades artísticas, culturais, de xogos de azar e apostas” separada da “R93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento”.
- Revisáronse as estimacións da rama de actividade “R56 Servizos de comida e bebida”. Esta revisión derívase do contraste da información de síntese difundida polo INE xunto á información sectorial (vía enquisas, tributaria e de emprego) que afecta a esta rama de actividade.
- Nova metodoloxía de estimación das macromagnitudes da rama “R35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado”. Esta metodoloxía foi acordada nun Grupo de Traballo (no marco do Comité Interterritorial de Estatística) no que participou o IGE xunto a outros institutos de estatística das Comunidades autónomas, INE e o ministerio competente na materia.
- Cambios metodolóxicos na estimación dos agregados “Gasto dos non residentes” e “Gasto dos residentes fóra do territorio económico”. O principal cambio radica na estimación do gasto realizado por non residentes cuxo tipo de aloxamento principal son as vivendas de uso turístico.

## CUANTIFICACIÓN DOS CAMBIOS NA EVOLUCIÓN DO PRODUTO INTERIOR BRUTO

Como resultado dos cambios introducidos, o Produto Interior Bruto (PIB) modifícase un 1,2% de promedio (das variacións absolutas) no período 1995-2022. A revisión é á baixa no período 1995-2021, e á alza para o ano 2022.

No que respecta á evolución do PIB en termos correntes revísanse as taxas de variación á alza no período 2020-2022. As revisións nas taxas de variación no período anterior a 2020 non teñen un signo uniforme e nunca superan as dúas décimas. Os cambios na estimación dos agregados de 2022 débense, ademais dos provocados pola revisión estatística, ao proceso habitual de substituír fontes conxunturais por estruturais nos procedementos de estimación das contas económicas.

Nos índices de volume realízase unha revisión ao alza do PIB na maioría dos anos. Os maiores cambios nas taxas de variación danse nos anos 2020 e 2021, no resto a maior revisión é de catro décimas. Nesta revisión o principal cambio dáse na sección de "Actividades inmobiliarias" pola incorporación de máis fontes de información no proceso de estimación.

Gráfico 1 Produto interior bruto. Galicia. Prezos correntes.




Gráfico 2 Taxas de variación do produto interior bruto. Galicia. Prezos correntes





Gráfico 3 Taxas de variación do produto interior bruto. Galicia. Índices de volume



## CUANTIFICACIÓN DOS CAMBIOS NO PRODUTO INTERIOR BRUTO DO ANO 2021

O ano 2021 é o período central da revisión estatística, xa que é aquel para o que se elaborou o Marco Input-Output de Galicia. O PIB do ano 2021 revísase un 0,3% á baixa. A continuación indicamos as principais achegas ao cambio desde as tres vías de cálculo do PIB (demanda, oferta e rendas) xunto coa explicación que motiva o cambio.

### Demanda:

- As exportacións contribúen en -2,8 puntos á revisión do PIB. A mellora nos procedementos internos de estimación afectan a unha nova estimación das exportacións por produtos, na que destaca a revisión á baixa da produción exportada de electricidade ao resto de España.
- As importacións contribúen en +1,7 puntos á revisión do PIB. A elaboración do Marco Input-Output corrixe á baixa as importacións de determinados bens industriais.
- O gasto en consumo final contribúe de forma positiva (+0,2%). A revisión provén da integración de nova información dispoñible.
- A formación bruta de capital contribúe positivamente á revisión do PIB (+0,6%). A integración de información para a nova estimación da matriz de investimento por rama propietaria é a principal causa do cambio.

### Oferta:

Na desagregación "A10" as ramas que achegaron unha maior revisión do PIB son:

- *Comercio, transporte e hostalería*, cunha achega de 0,7 puntos porcentuais negativos. A revisión do valor engadido neste grupo de ramas de actividade provén fundamentalmente da mellora no procedemento de estimación da rama dos "Servizos de comidas e bebidas".
- *Información e comunicacións*: tamén se revisou á baixa o valor xerado neste conxunto de ramas. A causa fundamental é a mellora no procedemento de estimación da rama de actividade "Telecomunicacións".
- *Construción*: a revisión é á alza e procede de nova información dispoñible.

Nas restantes agrupacións de ramas, a achega á revisión total é igual ou inferior a unha décima.

Rendas:

- Na estimación vía rendas destaca a contribución negativa da remuneración dos asalariados, é dicir, a RE24 introduce unha revisión á baixa da remuneración ao factor traballo debida fundamentalmente á revisión á baixa da rama "Servizos de comida e bebida".
- A revisión do excedente de explotación bruto / renda mixta bruta é positiva. Esta partida estímase por saldo na conta de explotación por rama de actividade polo que é o resultado dos diferentes factores da revisión estatística, sen que predomine ningún sobre o resto.

Compoñentes do PIB	Achega á revisión total (%)	Principal causa da revisión
<b>Demanda</b>	<b>-0,3</b>	
Gasto en consumo final	0,2	Integración de nova información dispoñible
Formación bruta de capital	0,6	Integración de nova información dispoñible
Exportación de bens e servizos	-2,8	Mellora nos procedementos internos de estimación
Importación de bens e servizos	1,7	Mellora nos procedementos internos de estimación
<b>Oferta (VEB)</b>	<b>-0,3</b>	
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	0,1	Integración de nova información dispoñible
Industria	-0,0	Mellora nos procedementos internos de estimación
Construción	0,2	Integración de nova información dispoñible
Servizos		
Comercio, transporte e hostalería	-0,7	Mellora nos procedementos internos de estimación
Información e comunicacións	-0,2	Mellora nos procedementos internos de estimación
Actividades financeiras e de seguros	0,0	Integración de nova información dispoñible
Actividades inmobiliarias	-0,0	Integración de nova información dispoñible
Actividades profesionais	0,1	Integración de nova información dispoñible
Administración pública, sanidade e educación	0,1	Integración de nova información dispoñible
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	-0,0	Mellora nos procedementos internos de estimación
Impostos netos sobre os produtos	0,1	Integración de nova información dispoñible
<b>Rendas</b>	<b>-0,3</b>	
Remuneración dos asalariados (RA)	-0,4	Mellora nos procedementos internos de estimación
Excedente de explotación bruto / Renda mixta bruta	0,2	Mellora nos procedementos internos de estimación
Impostos netos sobre a produción e as importacións	-0,1	Mellora nos procedementos internos de estimación

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>

Información enquisas: 900 102 104

FAX: 981 541 323

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>

Síguenos en Twitter: [http://twitter.com/#!/IGE\\_Estatistica](http://twitter.com/#!/IGE_Estatistica)

Síguenos en facebook:

<http://www.facebook.com/INSTITUTOGALEGOESTADISTICA?sk=wall>